






Contidos fundamentais

RESUMO

Niveis de organización	<p>Corresponden aos diferentes graos de complexidade en que se organiza a materia.</p> <p>Por orde de complexidade, son: átomos, moléculas, orgánulos, células, tecidos, órganos, sistemas e aparellos e organismo.</p>	
Composición química dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> • Bioelementos. Elementos químicos que forman parte dos seres vivos como C, O, H, N, P, S, Ca, Mg e Na entre outros. • Biomoléculas. Poden ser: <ul style="list-style-type: none"> – Inorgánicas. Auga e sales minerais. – Orgánicas. Glúcidos, lípidos, proteínas e ácidos nucleicos. 	
Estrutura das células humanas	<p>Son células eucariotas que presentan:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Membrana plasmática: capa delgada que envolve a célula. Formada por lípidos e proteínas. • Citoplasma: espazo da célula que contén o citosol, os orgánulos e o citoesqueleto. • Núcleo: estrutura esférica que contén o material xenético. Está formado por envoltura nuclear, nucleoplasma, cromatina e nucléolo. <p>Os principais orgánulos das células humanas son: mitocondrias, retículo endoplasmático, ribosomas, aparello de Golgi, vesículas e centrosoma.</p>	
Tecidos	<p>Conxunto de células do mesmo tipo, cunha estrutura moi parecida e que realizan as mesmas funcións.</p> <p>Existen varios tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Epitelial: de revestimento ou glandular. • Conectivo: óseo, adiposo, cartilaxinoso, conxuntivo e sanguíneo. • Muscular: liso, estriado e cardíaco. • Nervioso. 	
Órganos, sistemas e aparellos	<ul style="list-style-type: none"> • Os órganos son estruturas formadas por diversos tecidos que realizan determinados actos. • Os sistemas están formados por órganos do mesmo tipo que realizan unha función similar. Exemplos: o sistema muscular, o óseo, o nervioso e o endócrino. • Os aparellos están formados por órganos que son distintos e actúan coordinadamente para realizar unha función ou varias funcións superiores. Exemplos: o aparello dixestivo, o respiratorio, o excretor, o reprodutor, o circulatorio e o locomotor. 	

ACTIVIDADES

- 1 Fai unha táboa con todos os orgánulos das células humanas en que describas brevemente a estrutura e función de cada un deles.
- 2 Realiza un esquema coas principais características de cada un dos tecidos do corpo humano, indicando como se chaman as súas células e que función realiza cada tecido.